

Campamentos Verán 2021

Surf en Oleiros


Para consultar dúbidas e máis información:

**Concellaría de Mocidade
CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL MUNICIPAL
O ENSANCHE**

**R/ Frei Rosendo Salvado 14-16 Baixo
15702 Santiago de Compostela
Tel : 981 543 001 // Fax : 981 543 002
dptoxuventude@santiagodecompostela.gal**

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Do 2 ao 9 de Xullo



Campamento 2021

A Concellaría de Xuventude preséntase como eixe no que se vertebran unha serie de propostas destinadas a prestar servizos plurais e accesibles á cidadanía máis moza e ás súas expresións organizadas así como instrumentos para facilitar o desenvolvemento das relacións interpersoais, con fórmulas dirixidas á práctica dun lecer creativo, de actividades de educación non formal e con recursos e oportunidades para fomentar a participación cidadá activa.

Este ano, coa dinámica dos campamentos, poremos en marcha a seguinte iniciativa:

Campamento de verán de surf en Oleiros

≡ TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES

As actividades programadas organízanse en torno a diversos eixes temáticos como son o xogo, o deporte, a saúde e a calidade de vida, o coñecemento e a cultura, conservación e respecto da natureza e a participación dos máis novos.

O Campamento de Surf é un campamento de mar por excelencia, onde que entremezclan as prácticas dos deportes náuticos coa flora e fauna mariña. É un campamento que require un esforzo físico constante debido á práctica continuada do deporte.

Entre outras, realizaranse as seguintes actividades: Surf, Snorquel, Sendeirismo, Kaiak, Paddel board, entre outras.

≡ PARTICIPANTES

O público destinatario das actividades son os mozos e mozas empadroados no Concello de Santiago, con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos prioritariamente. No caso de quedar prazas vacantes atenderanse outras solicitudes.

≡ LOCALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades do campamento de verán de surf desenvolveranse no albergue de Santa Cruz no Concello de Oleiros.

≡ DATAS DE REALIZACIÓN

O campamento de verán de Surf, desenvolverase **entre o 2 e o 9 de xullo de 2021**.

≡ PREZO

PARTICIPANTE	PREZO
Participante ordinario	120,00 €
*2º Irmá/n e/ou familia numerosa	100,00 €

**No caso de que participe un segundo irmán ou irmá pero que non se trate de familia numerosa, aplicarase o desconto ao 2º irmán ou irmá. No caso de que participe un mozo/a de familia numerosa, aplicarase o desconto. Si participa máis dun membro de familia numerosa, o desconto aplicarase a todos os membros.*

≡ PREINSCRICIÓN

Mediante o impreso correspondente, debidamente cuberto, a entregar no Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

Cada persoa poderá meter un máximo de 2 solicitudes, agás no caso de que sexan irmáns que poderán meter tantas solicitudes como participantes.

As prazas serán cubertas por rigoroso orde de preinscrición, tendo prioridade para participar os mozos e mozas de 14 a 17 anos (ou que cumpran 14 anos no ano en curso) empadroados no Concello de Santiago.

Lugar: Os impresos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, na rúa Presidente Salvador Allende, previa cita no 881 505 107 ou na sede electrónica a través do modelo de instancia xeral (CS000) na pestana de inscrición en actividades no catálogo de trámites indicando que se solicita a participación do/a neno/a , incluíndo nome e apelidos do participante e o nome da actividade Campamento de Verán de Surf en Oleiros para a Mocidade.

No caso de presentar a instancia noutro rexistro ou por correos, deben enviar un correo electrónico a dptoxuventude@santiagodecompostela.gal , informando de que fixo a presentación da solicitude noutro rexistro.

Datas: Do 24 de maio ao 11 de xuño

Horario: en días laborables de 9 a 14 horas

As prazas serán cubertas por rigoroso orde de preinscrición

≡ INSCRICIÓN

Unha vez confirmada a praza pola Concellaría de Xuventude, informarase aos participantes sobre o procedemento para formalizar a inscrición.